

# Lingua e Administración

## CONCLUSIÓNS DAS III XORNADAS DE LINGUA E ADMINISTRACIÓN.

Nunha serie de debates levados a cabo ó longo de tres días (16, 17 e 18 de decembro de 1985) e nos que participaron membros da Asociación e mais ensinantes que impartiron cursos de lingua galega para funcionarios, estas son algunhas das conclusións:

—Cómpre establecer como obrigatoria unha proba específica de coñecemento da lingua galega nas probas de acceso á función pública en Galicia para tódalas Administracións (autonómica, local, periférica e de xusticia). O contido desta proba viría regulado por unha norma xeral que garantizase a súa homoxeneidade e xeneralidade e o nivel de coñecemento debería matizarse en función do nivel da praza de que en cada caso se tratase.

—Neste último senso propoñemos tres niveis de esixencia: un no que abondaría con demostrar coñecementos suficientes para comprender a expresarse correctamente en lingua galega a nivel oral, con capacidade para expresar por escrito un mínimo imprescindible. Un segundo no que se esixiría un certo grao de corrección tamén a nivel escrito e capacidade para interpretar calquera texto en lingua galega. E un terceiro no que se esixiría un coñecemento pleno a tódolos niveis.

—Ademais, nos programas de oposición deberán incluírse as bases da regulación xurídica das linguas oficiais en Galicia.

—Todo o anterior deberá levar consigo a presenza entre os membros dos tribunais de persoas cualificadas encargadas de vulgar obxectivamente estas materias obrigatorias.

—O criterio de mérito deberá aplicarse ó coñecemento da lingua galega naqueles casos nos que se deban determinar procedementos de promoción na carreira administrativa.

—Tocante ó perfeccionamento dos funcionarios integrados xa na función pública galega, consideramos que non é axeitado o actual sistema de cursos, nin en canto á súa distribución nin en canto ó tipo de didáctica empregada maioritariamente.

—Deberían establécense como obrigatorios para tódolos funcionarios dous niveis de aprendizaxe, de alomenos 40 horas cada un. Pero ademais cursos de iniciación previos a eses dous niveis para funcionarios con escasa ou nula implantación no galego. E cursos de especialización en linguaxe administrativa para funcionarios cun alto grao de responsabilidade en redacción de normas xurídicas, actas, informes técnicos, etc., impartidos desde organismos encargados da formación permanente dos funcionarios a tódolos niveis (de aí a necesidade de regular dentro da Lei de creación da Escola de Administración Pública unha área adicada especificamente á impartición deses cursos e de anovar continuamente a linguaxe administrativa galega).

—Propoñemos tamén como alternativa que os cursos de galego para os funcionarios lles fosen encargados a ensinantes (en número de dez ou doce) que se adicasen exclusivamente a ese labor.

—Nós, desde a Asociación e en colaboración con persoas especializadas en didáctica de ensino a adultos, estamos en condicións de ofrecer a curto prazo unha programación para eses cursos, na que se fixen criterios didácticos para os mesmos.

—Nos programas debe incluírse unha parte adicada a divulgar entre os funcionarios a lexislación que regula a utilización, os dereitos e os deberes verbo das linguas oficiais en Galicia.

—Todo o anteriormente exposto deberá ser regulado mediante normas ó efecto que teñan influencia sobre tódalas administracións e que polo tanto obriguen a tódalas institucións a cumprilas. Neste senso, seguimos considerando que non é válida a implantación da Dirección Xeral de Política Lingüística dentro da área de educación e sen competencias sobre a área da administración.

## SUMARIO

	Pág.
As 3. <sup>as</sup> Xornadas de Lingua e Administración . . . . .	1
O MARCO XURIDICO. A Lei Orgánica do Poder Xudicial (Aspectos referentes ó dereito lingüístico) (Xesús Costas Abreu) . . . . .	2
O réxime lingüístico das Comunidades Europeas (Xesús Costas Abreu) . . . . .	2
TERMINOLOXIA: —Cuestións xerais (II) (Carlos Díaz Abraira) . . . . .	3
—Para un vocabulario xudicial (I). (Xesús Costas Abreu) . . . . .	4
MODELOS DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. A denuncia . . . . .	5
CUESTIONS DE GRAMATICA: —O número (2). (Xosé Torres Romar) . . . . .	6
—Uns apuntes sobre o uso das maiúsculas . . . . .	7
—Algunhas observacións sobre 'acompañar' e 'informar'. (Xermán García Cancela) . . . . .	8
—Utilización dalgúns signos gráficos. (X. García G.) . . . . .	9
FELICITAMOS/DENUNCIAMOS: —Chamada de atención ás Delegacións de Facenda. (Xosé Torres Romar) . . . . .	9
NOVAS: —APADEL: Nova Asociación para a defensa da Lingua . . . . .	11
AS DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS: —O Goberno Civil . . . . .	12

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Díaz Abraira  
Xermán García Cancela  
Xosé González Martínez  
Mercedes Penoucos Castiñeiras  
Xosé Torres Romar

## DESEÑO

M. Janeiro  
F. Mantecón

## IMPRESOR

Artes Gráficas Galicia, S.A.  
Rúa Segovia, 15 - VIGO  
Depósito Legal: 186 - 1985

EDITA "ASOCIACION DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA".

(Subvencionado polo Concello de Muros)

## A LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL (ASPECTOS REFERENTES Ó DEREITO LINGÜÍSTICO)

No n.º 4 de "L. e A." (páx. 4) demos conta das previsións sobre linguas oficiais contidas nos proxectos de Lei orgánica do Poder Xudicial e mais na reforma da Lei de Enxuciamiento Civil. Aprobada definitivamente a Lei Orgánica 6/85, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (B.O.E. do día 2 do mesmo mes) (1) o réxime lingüístico dos órganos xudiciais fíxase nos tres artigos que a seguir reproducimos:

### Artigo 231

1. "En tódalas actuacións xudiciais, os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais usarán o castelán, lingua oficial do Estado.
2. Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, se ningunha das partes se opuxese alegando descoñecemento dela que puidese producir indefensión.
3. As partes, os seus representantes e quen os dirixen, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma no territorio da que teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas.

4. As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma terán, sen necesidade de tradución ó castelán, plena validez e eficacia. De oficio procederase á súa tradución cando deban surtir efectos fóra da xurisdicción dos órganos xudiciais sitos na Comunidade Autónoma, agás, neste último caso, se se trata de Comunidades Autónomas con lingua oficial propia coincidente, ou por mandato do xuíz ou a instancia de parte que alegue indefensión.

5. Nas actuacións orais, o xuíz ou Tribunal poderá habilitar como intérprete a calquera persoa coñecedora da lingua empregada, logo de xuramento ou promesa daquela".

**Artigo 341:** (provisión de prazas nos Xulgados, nas Audiencias e nos Tribunais Superiores de Xusticia).

1. "Para a provisión das prazas de presidente dos Tribunais Superiores de Xusticia e das Audiencias, naquelas Comunidades Autónomas que gocen de Dereito Civil especial ou foral, así como de idioma oficial propio, o Consello Xeral do Poder Xudicial valorará como mérito a especialización destes Dereitos Civil especial ou foral e o coñecemento do idioma propio da Comunidade.

2. Regulamentariamente determinaranse os criterios de valoración sobre o coñecemento do idioma e do Dereito Civil especial ou foral das devanditas Comunidades Autónomas, como mérito preferente nos concursos para órganos xurisdiccionais do seu territorio".

**Artigo 461:** (disposicións comúns do persoal ó servizo da Administración de Xusticia).

"Nos concursos para a provisión de prazas no territorio daquelas Comunidades Autónomas que teñan unha lingua oficial propia, valorarase como mérito o coñecemento desta nos termos que se establecerán regulamentariamente".

Estes dous artigos (341 e 461) da L.O.P.X. veñen concordar co previsto no artigo 25 do Estatuto de Autonomía para Galicia con tres diferencias: a non inclusión nalgúns casos do calificativo "preferente" (2) para o mérito de coñecementos xurídicos e lingüísticos "especiais", a limitación do dereito especial ó civil e a non inclusión dunha previsión semellante para os membros do Ministerio Fiscal (3).

(1). A corrección de erros da L.O.P.X. publícase no BOE do 4 de novembro.

(2). No tocante á relevancia de que un mérito sexa ou non preferente, podemos cita-lo previsto no art. 15 do RD 2617/1985, do 9 de decembro (Regulamento xeral de provisión de postos de traballo...), segundo o cal os méritos preferentes poden supoñer ata un 50% de incremento da puntuación en relación cos non preferentes. Véxase tamén o artigo 21 desta norma.

(3) Referímonos ó seu Estatuto orgánico: Lei 50/81, do 30 de decembro (BOE 12-1-82).

## O RÉXIME LINGÜÍSTICO DAS COMUNIDADES EUROPEAS

No sistema institucional das Comunidades europeas (CECA, EURATOM, CEE) son linguas oficiais e de traballo as dos Estados membros (coa excepción de Irlanda que renunciou a introduci-lo gaélico) ou sexa: alemán, inglés, danés, francés, grego, italiano, neerlandés, castelán e portugués.

Os textos normativos, así como os documentos preparativos dos traballos, redáctanse en tódalas linguas oficiais e así se publican no Diario Oficial das Comunidades Europeas (D.O.C.E.). Tódalas versións son auténticas, de xeito que se se aprecian diverxencias entre elas, a interpretación valedeira será a que

resulte do estudo de tódalas versións.

Nos actos xurídicos concretos, os textos dirixidos por órganos das institucións comunitarias a un Estado ou a unha persoa dun Estado membro teñen que ir redactados na lingua dese Estado e esa é a única versión lingüística válida.

Nos usos orais dos órganos comunitarios pódese utilizar calquera das linguas oficiais e a intercomunicación asegúrase por medio de intérpretes.

Unha apreciable percentaxe (sobre o 15%) do persoal ó servizo das Comunidades adícase a servizos lingüísticos (tradución, interpre-

tación e anexos) e no tocante á valoración que deste feito se fai, hainas para tódolos gustos: desde quen salienta "a presión lingüística" existente e os seus custos de tempo, persoal, cartos e posibles usos ata quen sinala que é unha esixencia natural derivada da igualdade das partes, da accesibilidade ós cidadáns comunitarios e a súa seguridade xurídica por mor do principio de aplicabilidade directa do dereito comunitario.

A dirección dos servizos lingüísticos das Comunidades, en declaracións á prensa ten sinalado varias ideas que poden ter un interese xeral para os servizos de tradución e normalización:

—que o importante non é tanto traducir como interpretar, facilitá-lo entendemento: “non se trata de traducir palabras senón o seu senso e cada solución é propia a unha lingua”. Isto, que ten unha validez clara para a tradución simultánea oral, presenta dificultades e perigos á hora de elaborar versións de textos xurídicos e políticos formais.

—que cadaquén fale na súa lingua, podendo escoitar á/s outra/s parte/s noutra/s lingua/s. Este “régime asimétrico” vén ser un trasunto do que coñecemos como “bilingüismo pasivo”, unha posible vía normalizadora que presenta evidentes vantaxes cara á flexibilización dos usos idiomáticos, pero non é predicable como medida idónea para toda situación sociolingüística.

—que a diversidade de formación e maila interdisciplinariade son moi positivas para a cobertura dos servizos de tradución e interpretación.

Coñecemos unha sentenza do Tribunal de Xusticia das Comunidades do 11 de xullo de 1985 sobre o dereito a usa-la propia lingua nos procedementos xudiciais.

O caso en cuestión é o dun cidadán luxemburgués que vivía e traballaba en Bélxica e solicitou que un xuízo se seguise no seu idioma (o alemán), coa oposición do fiscal, que argüiu que a opción lingüística só lle está recoñecida ós cidadáns belgas, segundo a Lei belga de 1935 sobre o uso de idiomas perante os tribunais.

Ó cabo o Tribunal fixo unha interpretación ampla da orde n.º 1612/68, do Consello das Comunidades, na que para favorecer a liberdade de establecemento dos cidadáns das Comunidades nos Estados membros se preconiza a igualdade de tratamento de feito e de dereito e o disfrute das mesmas vantaxes que os traballadores do país, concluíndo que a regulamentación sobre idiomas dun Estado membro en beneficio dunha minoría nacional ten que se considerar como unha vantaxe social tamén utilizable polos traballadores emigrados.

XESÚS COSTAS ABREU

## terminoloxía

### CUESTIÓNS XERAIS (II)

No anterior número de “L. e A.” dicíamos que o labor de elaboración e difusión da terminoloxía administrativa e técnica en xeral tiña dous aspectos esenciais: o planificador ou organizativo e mailo lingüístico. Falaremos nesta ocasión do primeiro deles.

É evidente que unha lingua, ante o desenvolvemento técnico-científico e a adopción de novos ámbitos de uso e ante a necesidade de denominar as novas realidades, ten que se dotar dun conxunto de termos, dun corpus léxico e fraseolóxico que lle permita ser un útil instrumento de traballo e garanta a transmisión de coñecementos.

Este proceso non resulta nada novo no panorama internacional. Neste século especialmente, e sobre todo a partir da década dos 50, as diferentes “linguas de cultura” (inglés, francés, castelán, portugués, italiano, alemán, ruso...) víronse na necesidade de responder a estas esixencias léxicas. Tamén é certo que non todas elas acometen este problema en idéntica situación ou por idénticos imperativos, pero si todas elas, en maior ou en menor escala, institucionalizan métodos e organismos para traballar na materia.

Os campos de actuación son múltiples: desde os medios de comunicación, a economía, a enxeñe-

ría, a electrónica, a informática, ata as industrias do petróleo, do átomo ou do raio láser. Tampouco son alleos a estas necesidades outros campos, máis relacionados co ámbito administrativo, como o da diplomacia e relacións internacionais, o dereito, etc.

Froito destes estudos terminolóxicos é a aparición de numerosas revistas e boletíns, mais ou menos especializados, como “La banque des mots”, “Terminogramme”, “Simply Stated”, “Neoterm”, “Langue et Administration”, etc., que responden a unha planificación lingüística plasmada na existencia nos distintos países de organismos que teñen entre os seus fins establecer e espalla-la terminoloxía técnica e científica: Centro internacional para a terminoloxía, Fondo para as terminoloxías románicas, Comité de unificación de neoloxismos terminolóxicos, “Banque de terminologie de l’Office de la langue française du Gouvernement du Québec”, etc.

Neste sentido, nos diversos países e campos de actuación citados, os dicionarios e vocabularios que fixan e difunden os termos de cada materia cóntanse por centos (sen ter en conta as aportacións individuais). Neste ámbito técnico en xeral, a Administración e eidos

afíns tamén son obxecto de atención, e certas institucións, como o Instituto internacional para a terminoloxía xurídica e administrativa ou a mesma Sección de terminoloxía do Parlamento Europeo, ocúpanse destes labores.

En principio, semella que estamos falando a niveis dificilmente extrapolables para o caso galego. ¿Razóns?: dúas, rapidamente, de distinto tipo: inglés, francés, alemán, portugués, castelán... son linguas normalizadas (razóns lingüísticas); os presupostos desas linguas e o seu poderío técnico-científico son diferentes (razóns económicas). Non obstante, sirvan estes antecedentes para demostra-la importancia da actividade de investigación terminolóxica en xeral, a resposta que o conxunto das linguas lles dan a estas esixencias e as necesidades que se lle presentan ó galego nos momentos actuais.

Estamos nunha época na que o galego (re) ocupa o rango de lingua oficial, por disposición estatutaria, e na que se ten que converter en lingua habitual en tódolos planos da vida pública. Non esquezamos que “o galego, como lingua propia de Galicia, e lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das entida-

des públicas dependentes da Comunidade Autónoma" (artigo 4º da Lei de normalización lingüística) nin que "os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns" (artigo 6º.3 da mesma).

Este uso do galego na Administración, nos seus diversos niveis, implica —segundo o grao da súa galeguización— incorporar, á parte do que damos en chamar linguaxe administrativa, moitos termos doutras disciplinas, como a economía (impresos de servizos económicos, licitacións), o dereito (sentencias, literatura lexislativa), obras públicas (concursos de obras, programas de urbanismo, ciencias médicas (ordenación sanitaria, medicina)... Toda a documentación administrativa que se emprega —ou que se debería empregar— nas distintas Administracións participa nestes campos léxicos.

Nun proceso de normalización parello, en abstracto, existen outras linguas no Estado Español: euskera, catalán... Desde o punto de vista da terminoloxía administrativa, diremos dúas palabras do caso catalán, lingüísticamente máis afín. Telegraficamente, e respecto do basco, pénsese tan só nos traballos de creación, fixación e difusión lexicográfica que levan a cabo a Sección de Euskaldunización do Instituto Basco de Estudos de Administración Pública ou o Centro Basco de Servizos Universitarios (UZEI).

En Cataluña, no ámbito administrativo, funciona desde hai anos

unha Coordinadora da linguaxe administrativa, creada no seo do Servizo de Asesoramento Lingüístico da Dirección Xeral de Política Lingüística e que agrupa representantes das institucións máis directamente implicadas (Colexio de Avogados de Barcelona, Universidade Politécnica, Oficina de Catalán da Deputación, Diario Oficial, Parlamento, Dirección Xeral de Política Lingüística, Escola de Administración Pública, Dirección Xeral de Administración Local). A outro nivel, é igualmente importante o traballo da Sección de lingua catalana e linguaxe administrativa da Escola de Administración Pública de Cataluña. Entre os seus fins, está o da fixación dunha norma unitaria para a linguaxe administrativa catalana actual.

Fóra destas iniciativas gobernamentais, e sen conta-las iniciativas privadas, son numerosos os traballos terminolóxicos que teñen unha grande utilidade no eido administrativo potenciados por organismos públicos e privados como a Universidade Politécnica, o Instituto da Tecnoloxía da Construción, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, a "Caixa d'Estalvis de Catalunya", "Omnium Cultural", a Academia de Ciencias Médicas de Cataluña e Baleares, etc., xeralmente en forma de vocabularios e dicionarios.

Evidentemente, estamos noutro país, sociolóxico e economicamente distinto. Dicia Carles Duarte, xefe da Sección de linguaxe administrativa da Escola de Administración Pública de Cataluña ("Faro de

Vigo", 15-X-1985): "Non existen razóns estruturais do catalán ou galego que dificulten a súa aplicación nas linguaxes técnico-científicas. Iso si, cómpre fixar con criterios científicos, por especialistas de acreditada solvencia e co visto e prace das institucións adecuadas, unha terminoloxía dos diversos campos do coñecemento e, unha vez levada a cabo a tarefa de fixación, hai que poñer os medios para a súa difusión".

Ou sexa, poñer os medios tanto para a fixación coma para a difusión, con todo o que leva consigo. Pero, ¿u-los medios? Malamente se pode pensar nunha planificación a nivel terminolóxico se xa a nivel lingüístico xeral é deficiente. Isto díño, por exemplo, Xesús Alonso Montero, no mesmo xornal (25-IX-85), desde o que reclamaba das "familias políticas galegas" ante as eleccións un proxecto lingüístico claro e as liñas esenciais da política de planificación lingüística.

No tema da elaboración e difusión da terminoloxía administrativa (e técnica en xeral), a pobreza de medios e a falta de adicación son evidentes. Penso que, en última instancia, non é máis ca un reflexo da insuficiencia que os poderes públicos de Galicia demostran na adopción, fomento e dirección de accións normalizadoras. Sen embargo, hai iniciativas e traballos, e algunhas cuestións vanse solucionando. Disto, así como de aspectos máis estrictamente lingüísticos, falaremos en números posteriores.

Carlos Díaz Abreira

## PARA UN VOCABULARIO XUDICIAL (I)

Aproveitando a recente publicación da L.O. 6/85, do Poder Xudicial, e partindo dela, imos facer unha primeira tentativa para adentrámonos na terminoloxía xudicial, que presenta grandes especialidades e non poucas dificultades non só para o común dos cidadáns senón tamén para quen se move noutros ámbitos administrativos.

**XULGADOS:** órganos xurisdiccionais unipersoais, desempeñados por *xuíces* (Os *xuíces* teñen o tratamento de 'señoría'). Son os seguintes:

- *de paz* (ámbito municipal).
- *de primeira instancia* (ámbito partido xudicial. Deles dependen os rexistros civís)

- *de instrucción* (ámbito: partido xudicial, coa excepción dos *Xulgados Centrais de Instrucción* que teñen ámbito estatal)

- *do contencioso-administrativo* (ámbito provincial)

- *do social* (ámbito provincial)

- *de menores* (ámbito provincial).

- *de vixilancia penitenciaria* (ámbito provincial).

**TRIBUNAIS:** órganos xurisdiccionais pluripersoais, integrados por varios maxistrados e un presidente (os maxistrados teñen o tratamento de 'señoría ilustrísima', agás os integrantes do Tribunal Supremo e os presidentes da Audiencia Na-

cional e dos Tribunais Superiores de Xusticia, que teñen o de 'excelencia').

Son os seguintes:

- *Audiencias provinciais* (ámbito provincial)

- *Tribunais Superiores de Xusticia* (ámbito: Comunidade Autónoma)

- *Audiencia Nacional* (ámbito estatal)

- *Tribunal Supremo* (ámbito estatal)

Os tribunais organízanse por *Salas* (segundo as materias: civil, penal, contencioso-administrativo, social... Tamén hai Salas de goberno, de discordia,...), e eventualmente por *Seccións*.

**XURADO:** órgano de participación popular na Administración de Xusticia. Hainos de dous tipos, o puro (integrado exclusivamente por cidadáns) e o mixto (formado por cidadáns e maxistrados).

**PARTIDO XUDICIAL:** unidade territorial formada por un ou varios municipios da mesma provincia.

**CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL:** órgano de goberno do poder xudicial, integrado polo seu presidente e vinte vocais.

**XUÍZ DECANO:** xuíz que supervisa o reparto do traballo entre os diversos Xulgados dunha poboación, desempeña outros labores de réxime interno no funcionamento xudicial da localidade e representa ó conxunto dos xuíces do lugar. Tamén preside a *Xunta de xuíces*, que se reúne para tratar de asuntos de interese común a varios Xulgados.

**ANO XUDICIAL:** período ordinario de actividades dos xulgados

e tribunais comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de xullo de cada ano natural.

**DIAS INHÁBILES:** aqueles nos que non se practican actuacións xudiciais ordinarias e que non computan no decurso dos prazos. Son concretamente os festivos (domingos, festas estatais, comunitarias e locais) e os do mes de agosto. As **HORAS HÁBILES** a efectos xudiciais xerais son as comprendidas entre as 8 e as 20 horas dos días hábiles.

**MAXISTRADO PONENTE:** en cada pleito, é o que dirixe a tramitación e redacta as resolucións (en especial, as sentencias).

**RESOLUCIÓN:** é o nome que reciben as decisións xudiciais. Segundo a nova LOPX poden ser de catro tipos: acordos, providencias, autos e sentencias.

**ACORDO:** resolución xudicial gubernativa ou de orde interna (por

exemplo, as disciplinarias en relación co persoal da Administración de Xusticia).

**PROVIDENCIA:** resolución xudicial de trámite, de ordenación ou impulso dun proceso.

**AUTO:** resolución xudicial que decide unha cuestión accesoria xurdida no desenvolvemento dun proceso.

**SENTENCIA:** resolución xudicial que decide nun pleito ou proceso en calquera instancia. Unha **SENTENCIA FIRME** é aquela contra a que non cabe ningún recurso ordinario.

**EXECUTIVA:** documento público no que se consigna unha sentenza firme.

**VOTO PARTICULAR:** é o texto alternativo (dunha sentenza ou auto decisorio dun incidente) que defende/n o/s maxistrado/s discrepante/s coa maioría decisoria.

XESÚS COSTAS ABREU

## modelos de documentos administrativos

### MODELOS DE DOCUMENTOS: AS DENUNCIAS

A denuncia é un tipo específico de documento administrativo que uns cidadáns dirixen a unha institución (órgano da Administración pública ou da Administración de Xusticia) comunicando a comisión dunha ilegalidade ou unha irregularidade.

A regulación xurídica das denuncias é moi fragmentaria, así na Lei de Enxuciamiento Criminal (art. 259 e seguintes) a denuncia configúrase

como un deber para quen teña coñecemento dun delito público, na Lei Xeral Tributaria (art. 103 e concordantes) prevese que o denunciante pode ter dereito a unha participación do resultado económico que da mesma se siga, no procedemento administrativo (art. 94 e 95 da L.P.A.) existe unha figura específica como é a "denuncia de mora" que funciona nuns casos como trámite para aco-

llerse ó silencio administrativo, no dereito civil temos a denuncia dos contratos...

Voltando ó dereito administrativo xeral, compre dicir que a diferenza dunha distancia, unha denuncia non ten por que incluír un pedimento concreto, o seu contido esencial a mais da identificación do denunciante (como *regra* xeral, as denuncias anónimas non deben ser tidas en conta) e a relación duns feitos que se consideran contrarios ó ordenamento xurídico.

Dado que son menos infrecuentes do que quixeramos, imos propoñer un exemplo completo de denuncia por discriminación lingüística.

D/a .....  
nado/a en ..... o día ..... de ..... 198.....  
con D.N.I. n.º ..... e enderezo na rúa de .....

#### DENUNCIA O SEGUINTE FEITO:

Que o pasado día 13 do mes que andamos, o funcionario D. Adolfo Vázquez Eiravella que presta servizo no Rexistro Xeral desa Administración, negouse a admitir unha instancia que ia presentar co gallo de que ia escrita en lingua galega, dicíndome que tiña que traducila, logo o intentar explicarlle que tal actuación da súa parte era ilegal, o devandito funcionario díxome que el non atendía á xente que falaba en galego.

O que lle comunico por entender que tal feito supón unha actuación discriminatoria por razón de lingua, prevista como falta nos artigos 31º.1.b. da lei 30/84 de 2 de agosto e 6ºb, do R.D. 33/86 de 10 de xaneiro e contraria ó previsto nos artigos 5º.4. do Estatuto de Autonomía para Galicia, 1º, 3º e 6º da Lei de Normalización Lingüística.

(lugar, data e sinatura)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de .....  
(ou ben ó Xefe do organismo no que se produciron os feitos).

Outro posible modelo de denuncia (sobre infracción urbanística) sería este:

## DENUNCIA

D./Dña. \_\_\_\_\_, maior de idade, con domicilio en \_\_\_\_\_, na rúa / no lugar de \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, EXPÓN:

Que no n.º \_\_\_\_\_ da rúa \_\_\_\_\_ deste municipio, se está a construír un edificio sen a correspondente licenzia, esixida polo disposto na Lei do Solo (texto refundido aprobado polo Decreto 1346/1976). Ponse isto no seu coñecemento co obxecto de que se incoe o procedemento previsto no artigo 184 da devandita Lei do Solo e no artigo 29 do Regulamento de Disciplina Urbanística, aprobado polo Decreto 2187/1978.

Xa que logo, SOLICITA:

Que teña por formulada esta denuncia e que se considere como parte interesada no expediente.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 19\_\_\_\_\_  
(sinatura)

CARGO OU ÓRGANO Ó QUE SE DIRIXE A DENUNCIA

## cuestións de gramática

### O NÚMERO (2)

No número anterior de *Lingua e Administración* vimos-lo número respecto dos substantivos. Neste intentaremos ve-los casos máis propios e complicados dos adxectivos e dos pronomes, aínda que estes se verán ó tratar máis amplamente os respectivos temas.

#### 2.1. Adxectivos calificativos.

Recomendamos ve-lo número nos substantivos —L. e A. núm. 7—, pois o plural nos adxectivos calificativos fórmase do mesmo xeito ca no substantivo. En todo caso, véxanse os seguintes exemplos:

- 1) branco/brancos  
sa / sas
- 2) san / sans  
ourensán / ourensáns
- 3) falador / faladores  
coruñes / coruñeses
- 4). 1) mol / moles
- 4). 2) municipal / municipais  
azul / azuis
- 4). 3) útil / útiles  
débil / débiles

#### 2.2. Pronomes persoais.

Na concorrencia das formas átonas ou oblicuas cómpre sinalalas diferenzas plurais referenciais entre *llo / llos - llelo / llelos*.

—*llo/lla*: lle + o/a (pronomes oblicuos da 3.ª persoa).

di a nova a Pedro  
dille a nova  
dilla

—*llos/llas*: lle + os/as

dá a el/ela esas cousas  
dálle esas cousas  
dállas

—*llelo/llelas*: lles + o/a

manda a Brais e a Noela o paquete.

mandalle-lo paquete (Vid. L. e A. núm. 6, punto 1.2).  
mandallelo

—*llelos/llelas*: lles + os/as

facen á Secretaría e á Tesourería os informes

facen a elas os informes  
facérllle-los informes (Vid. L. e A. núm. 6, punto 1.2)  
facérlllelos

#### 2.3. Os demostrativos.

A penetración do castelán tende a miúdo a deforma-lo plural dos adxectivos e pronomes demostrativos nas súas formas correspondentes á primeira e segunda persoas, empregando polo tanto as formas castelás —\*estos, \*esos— no canto das ga-

legas: *este estes, ese eses*. Vexamos uns exemplos:

A corporación aprobou este informe / A corporación aprobou estes informes.

Ese Concello non asinou o convenio / Eses Concellos non asinaron o convenio.

Este non se aprobou / Estes non se aprobaron.

Ese pode valer / Eses poden valer.

#### 2.4. A forma relativa e interrogativa *quen*

Esta forma *quen* é invariable e só se usa en singular. Isto quere dicir que o verbo sempre vai en singular, agás co verbo 'ser' co que pode ir en plural. Polo tanto, a forma \**quenes*, que aparece de vez en cando, é un puro calco do castelán e impropia do galego.

a).- Exemplos nos que *quen* é relativo:

Quien pueda que venga / Quen poida que veña - O que poida que veña.

Quienes contaminan la playa no tienen conciencia social / Quen contamina a praia non ten conciencia

cia social - Os que contaminan a praia non teñen conciencia social.

Fueron ellos quienes hicieron el expediente / Foron eles os que fixeron o expediente.

Entón a forma de relativo castelán 'quienes' tradúcese en galego por: *quen + verbo en terceira persoa do singular*, ou polo xiro: *os que + verbo en terceira persoa do plural*.

b).- Exemplos nos que *quen* é interrogativo:

¿Quién quema el monte? / ¿Quen queima o monte?

¿Quiénes queman el monte? / ¿Quen queima o monte? - ¿Quen son os que queiman o monte?

¿Quiénes propugnan el pacto político? / ¿Quen propugna o pacto político? - ¿Quen son os que propugnan o pacto político?

No sabemos quiénes van a venir / Non sabemos quen vai vir - Non sabemos os que van vir.

A traducción desta forma plural ó galego realízase a partir do réxime xeral que rexe a forma *quen*, é dicir, *¿quen + verbo en singular...?*, ou ben a través do uso da forma perifrástica: *¿Quen son os que + verbo en plural...?* Como indicamos ó principio deste apartado, en contra da regra xeral, *quen* admite a pluralidade unicamente co verbo ser (*¿Quién fue? / ¿Quen foi? - ¿Quiénes fueron? / ¿Quen foron?*). De aí que nos permita esta pluralidade neste uso da forma perifrástica que sinalamos como equivalente da devandita regra xeral.

## 2.5. Os indefinidos.

### a) calquera e quenquera.

Estas dúas formas indefinidas son invariables en xénero e número, logo só se usan en singular. Polo tanto son incorrectas formas como: \*caisquera, \*calesquera, \*quenesqueira, etc. No plural, en castelán,

o seu uso restrínxese exclusivamente á escrita, mais non é raro atopalas nos documentos que os funcionarios manexamos a miúdo. De aí que a pluralidade do castelán se converta en galego nunha singularidade formal. Podémolo comprobar a través destes exemplos:

A cualesquiera de ellos les corresponde la solución / A calquera deles lles corresponde a solución.

Quienesquiera que fueran no volverán a hacerlo / Quenquera que fose non volverá facelo.

### b) todos, ambos e entrambos.

Estas formas tanto no masculino coma no feminino plural, ó iren seguidas do artigo, empatan nunha soa palabra. Vid. L. e A. núm. 6, a segunda forma do artigo.

Nota: As palabras que levan \* (asterisco) son incorrectas.

XOSÉ TORRES ROMAR

## UNS APUNTES SOBRE O USO DAS MAIÚSCULAS (I)

Un dos problemas co que se afronta a miúdo o funcionario á hora de elaborar ou tratar un texto de carácter xurídico, administrativo, etc., é o das maiúsculas ou minúsculas.

Hai unhas regras xerais que non ofrecen ningún problema. Pero ó se exceptuar desas xeneralidades comúns a tódolas linguas romances, ¿que palabras deben levar maiúscula ou minúscula? Pois ó intentar sermos coherentes, unhas veces dámonos conta de que é difícil manter un criterio unánime e aplicable a casos comúns, outras de que os criterios tradicionais son completamente obsoletos e dispares.

Non se debe esquecer que o redactor dun documento amais do recurso da maiúscula e/ou minúscula ten outros recursos gráficos —proprios das imprentas—, tales como os tipos de letra, o sulñado, etc.

Tocante á tradición, debemos destacar que as distintas gramáticas que consultamos, referentes ó castelán, portugués, francés, catalán e italiano, manteñen criterios moi discutibles e "sui generis". Respecto do castelán, todas se remiten á R.A.E., que dá os casos concretos que se seguen xeralmente e outros, os máis deles, que son moi ambiguos.

Pola outra banda, na observación de todo tipo de textos, como xornais, libros e revistas de Dereito

e Administración, e dos distintos Boletíns Oficiais e Diarios de Sesións, comprobámo-lo caos tremendo que existe ó confrontalos. Todos intentan manter uns criterios uniformes internos, mais o criterio das maiúsculas é puramente persoal, e o problema agudízase ó compararmos artigos de diferentes autores ou mesmo artigos dun mesmo autor.

Dun exame máis ou menos detido da tradición e mais da bibliografía xurídica e administrativa existente, deducimos que, agás as regras comúns, os outros casos están todos por revisar e examinar no día de hoxe.

E é que o uso das maiúsculas ten máis ben un valor reverencial ca gramatical e/ou semántico.

De cara ó primeiro aspecto, débese destacar que tanto na formación da linguaxe xurídico-administrativa coma na presentación dos textos da mesma, os poderes públicos, a xenérica alienación dos funcionarios, a sumisión do administrador ó administrador e maila prepotencia que se deu de sempre a Administración, xogaron un papel predominante no emprego excesivo das maiúsculas, que, evidentemente, obedecía exclusivamente a motivos ou reaccións puramente psicolóxicos. Isto era o pleno reflexo do servilismo, da humillación ou da reverencia do pobo ante a Administra-

ción, como favor que esta lle facía a aquel.

Pero atopámonos nun momento en que se está a reforma-lo tratamento administrativo e maila linguaxe xurídico-administrativa —tanto por vías constitucionais coma institucionais ou legais—, onde o funcionario está ó servicio do administrado, e é o seu deber o servilo cumprida e eficazmente con respetuoso trato por ámbalas dúas partes, mais non sumisión dunha á outra.

Polo tanto, en galego, lingua na que se está a formar esa linguaxe xurídico-administrativa moderna, deben desaparecer os clichés e/ou favoritismos decimonónicos. Para que sexa unha linguaxe directa, sinxela e clara nos seus documentos, é dicir, funcional, tamén se debe ter en consideración o abuso no uso das maiúsculas por mor dos efectos psicolóxicos que causan ou poden causar. Pois o seu emprego excesivo obedece —ou facíase obedecer— a connotacións puramente psíquicas e sociolóxicas.

No tocante ó aspecto gramatical e semántico cómpre diferenciar as funcións da puntuación e mais das regras comúns e do significado. Respecto deste último caso, vexámo-los exemplos aclaratorios de 'Concello' (órgano rexedor) e 'concello' (municipio, extensión territorial), 'Goberno' / 'gobierno'... Isto quere dicir que o seu uso debe obe-

decer neste suposto única e exclusivamente á aclaración dunha ambigüidade semántica, que non é extensible a outras palabras que non teñen esta ambivalencia.

Nestes primeiros apuntes imos considerar uns cantos aspectos de palabras que ás veces aparecen en maiúsculas e que sen ningunha dúbida **deben ir en minúsculas**.

A. 1.- Tales son os nomes dos días, dos meses e das estacións que aparecen nos textos xurídico-administrativos, particularmente nas datas. Así témo-los seguintes exemplos:

—O Real-Decreto 254/1986, do 4 de febreiro,...

—O Concello en Pleno aprobou este dictame o luns, día 5 de outubro de 1985.

A. 2.- Igualmente, as denominacións xenéricas de grupos ou entidades (*os socialistas, os católicos, sindicatos, asociacións de veciños,*

*confradías de pescadores, clubs deportivos,...*) e de dependencias públicas (*centros escolares, sanatorios, pavillóns deportivos,...*)

A. 3.- Tamén os nomes de accidentes xeográficos [*ría (ría de Vigo), río (río Miño), cabo (cabo Silleiro), península (do Morrazo), illa (illas Cíes), mar (mar Cantábrico),...*] e de ordenación territorial (*provincias, provincia da Coruña; comarcas, comarca do Salnés; partidos xudiciais, partido xudicial de Caldas; parroquias, parroquia de Sta. M.ª dos Baños de Cuntis;...*)

A. 4.- Os tratamentos cando non van en abreviatura: *don/dona, vostede, excelentísimo, excelencia, señoría (a súa/a vosa)*.

A. 5.- Certas abreviaturas de uso normal como *kg* (quilo), *km* (quilómetro), *pta.* (peseta), etc.

A. 6.- Á parte destas e doutras palabras que erroneamente aparecen con maiúsculas (como *conta*

*bancaria, autoridade, profesor tutor* —nomes comúns—), hai que procurar erradicar series do tipo substantivo en minúscula + adxectivo en maiúscula: *lexislación \*Constitucional, estudos \*Universitarios, etc.*, por moita categoría que represente o adxectivo.

B.- Doutra banda, nos escritos xurídico-administrativos débese evitala discriminación de cargos ou funcións, que poñía xeralmente os intelectuais con maiúsculas e os manuais con minúsculas. Non pode se-la función ou a boa posición a que determine que vaia nun escrito *Enxeñeiro, Avogado, Secretario* (con maiúscula) e *carpinteiro, auxiliar administrativo, operador* (en minúscula). Polo tanto, consideramos que os cargos ou funcións e profesións deben ir todos escritos en minúscula, para evitar discriminacións de categoría e sociais e por non existiren razóns que leven ó uso da maiúscula.

## ALGUNHAS OBSERVACIÓNS SOBRE 'ACOMPANÑAR' E 'INFORMAR'

A moi frecuente utilización destes dous verbos en textos de natureza administrativa merece un pequeno comentario. Con todo, temos que aclarar que se trata da análise de usos que observamos na linguaxe administrativa castelá, na que están xa instalados e que nós propoñemos evitar para a galega, aínda que, desgraciadamente, pola tendencia ó mimetismo, tamén afectan a esta última.

ACOMPANÑAR, utilizado en contextos como:

—“El peticionario deberá ‘acompañar’ constrúese cun complemento necesarios”.

—“A la solicitud deberá acompañarse el informe preceptivo”.

En exemplos coma estes o verbo “acompañar” constrúese cun complemento directo, que nos indica aquilo que “se acompaña” a algo por parte de alguén (a estrutura é polo tanto “A acompaña B a C”).

A pesar de que no dicionario de María Moliner se inclúe como correcta a acepción á que se axustan estes contextos (“Adjuntar; poner una cosa con otra, particularmente para enviarla por correo”) e de que o Dicionario da Academia inclúa un significado parecido (figuradamente, “Juntar o agregar una cosa

a otra”), propoñemos utilizar en galego os verbos *unir* ou *xuntar* en estruturas sintácticas do tipo “A xunta B a C”, ou o verbo *acompañar*, pero cando a estrutura sexa “A acompaña (a) B”. Así:

—“O peticionario deberá unir/xuntar á solicitude os documentos necesarios”.

—“Á solicitude deberá xuntarse/unirse o informe preceptivo”.

—“A solicitude deberá ir acompañada dos documentos necesarios”.

INFORMAR, en contextos como:

—“El organismo correspondiente informará la petición formulada”.

—“El secretario ha informado el expediente”.

—“La propuesta ha sido informada favorablemente por la comisión”.

Trátase nestes casos dunha estrutura “A informa B”, que non consideramos correcta se temos en conta que o que subxace debaixo de frases coma estas é unha construción ‘emitir informe sobre’, na que a preposición *sobre* precede sempre a aquilo que é sometido a informe.

*Informar* ten en construcións do tipo “A informa B” un significado distinto, o de ‘dar forma ou realidade a unha cousa’, ‘se-lo principio formativo, inspirar’ (“A preocupación polo ben público informa a actuación dos políticos”), mentres que cando significa ‘enteirar, dar noticia de algo’ se constrúe coa preposición *de* (“Informaron do sucedido”) ou *sobre* (“Informar sobre o acontecido”).

No caso que nos ocupa, no que *informar* é un verbo directamente relacionado co sustantivo correspondente *informe* (un trámite administrativo) o correcto será utilizar ‘informar sobre’ ou ‘emitir informe sobre’:

—“Emitir informe sobre un expediente” (por “Informar un expediente”).

—“A entidade X informará sobre o proxecto” (por “La entidad X informará el proyecto”).

—“O proxecto recibiu o informe favorable de...” (por “El proyecto fue informado favorablemente por...”).

—“A solicitude será obxecto de informe por parte de...” (por “La solicitud deberá ser informada por...”).

XERMÁN GARCÍA CANCELA



## UTILIZACIÓN DALGÜNS SIGNOS ORTOGRÁFICOS (1)

### O punto:

Utilízase, xenericamente, para indica-lo fin dunha frase. Utilízase o punto e seguido cando entre as frases que separa hai unha certa continuidade, unha ilación:

“Unha comisión encargárase de califica-la proba. Estará constituída por un inspector de EXB e tres mestres”.

“A documentación poderá presentarse no rexistro xeral da Consellería ou nas súas delegacións. Tamén se poderá presentar por calquera dos procedementos que sinala o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo”.

Utilízase o punto e á parte para separar frases que teñen autonomía con respecto á precedente:

“A Lei 30/1983, do 28 de decembro, establece que corresponderán ás Comunidades Autónomas as competencias necesarias para a xestión dos tributos.

Co mesmo criterio exprésase o Real Decreto 673/1985, do 2 de abril, polo que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia os servicios do Estado correspondentes ás competencias asumidas.

Por outra parte, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei que regula os xogos e apostas en Galicia, que lle permite á Administración autonómica unha máis decidida actuación en materia fiscal do xogo.

A Orde...”

Tamén se utiliza o punto:

—Para separar, cando se indican con número, o día, mes e ano: 25.06.78; 08.11.60.

—Despois dunha palabra abreviada: admón., dta., dec., nov., id., ilmo., etc...

Agora ben, hai que ter en conta que non se utiliza:

—Cando a abreviatura é de unidades de medida, peso, lonxitude, etc.: m e non m. (metro), km e non km. (quilómetro), g e non g. (gramo), etc.

—Na escrita de cantidades, recoméndase separar por un pequeno espacio en branco e non por puntos os grupos de tres cifras: 396420 habitantes, 3254 metros cadrados 3265789 ptas., etc...

—Na datación dos anos non se separa (nin con punto nin sen el) en grupos de tres cifras. Debe escri-

birse, polo tanto, 1985 e non 1.985 nin 1 985), o ano 2000 (e non o ano 2.000), etc...

En canto ás siglas (abreviaturas de locucións nas que se utiliza a letra inicial ou un grupo de iniciais de cada unha das palabras) debemos ter en conta o seguinte:

—Hai siglas que se len nomeando cada una das letras (C.E.E. = ce e e; O.U.A.; A.F.N.L.G. = a efe ene ele gue, etc.). Nestes casos, aínda que é optativo, soe colocarse un punto de separación entre cada unha das iniciais.

—Noutros casos, a sigla lese silabeándoa como que se se tratase dunha palabra calquera (OTAN, UNESCO, NASA, DOG, BOE, etc.). Nestes casos, non se utilizan puntos de separación. De feito, moitas destas siglas (reciben a denominación de *acrónimos*) poden incluso escribirse con minúsculas, salvo a inicial (Gestapo, Interpol,...) e algunhas son xa auténticas palabras incorporadas ó léxico dunha lingua como tecnicismos (láxer, ovni, télex,...).

Lingua e Administración  
X.G.

## felicitamos / denunciemos

A partir de agora, Lingua e Administración vai tentar felicitar e/ou denuncia-los cumprimentos/incumprimentos legais dos organismos oficiais que operan en Galicia, tanto da Administración autonómica coma da local ou periférica do Estado.

O noso gusto, evidentemente, sería felicitar a tódolos organismos institucionais, mais unha simple ollada ás súas actuacións no eido da normalización lingüística en Galicia, lévanos a restrinxir a casos moi concretos e de sobra coñecidos este apartado positivo. Pola contra, o apartado ‘Denunciamos’ preséntanos moito máis aberto e cuns horizontes nos que aínda hai moito que traballar. Tamén contamos coas colaboracións dos nosos lectores para poder levar a cabo esta sección. Agardámo-las súas felicitacións ou denuncias.

Neste número, por ser de actualidade nestes meses, comenzamos

por unha dependencias periféricas do Estado, aínda que somos conscientes de que a nivel do Goberno autonómico, dos Concellos de Galicia e doutras institucións non se destacan desta actuación concreta.

### DELEGACIÓNS DE FACENDA DE GALICIA: ¡TOMEN NOTA!

No ano 1984, o Ministerio de Facenda, tralas reivindicacións sociais e idiomáticas, e logo da aprobación da Lei de normalización lingüística, preséntanos uns impresos de declaración da renda e mais un boletín informativo e explicativo nun texto bilingüe. Os impresos cunha versión sub-liñal ó galego e o boletín co texto en castelán e logo en galego. Á parte de non lle ofrecer e expoñer ó público galego esta edición moi claramente, senón unicamente a solicitude do mesmo, a presentación dos impresos bilingües que

o administrado tiña que completar era do máis arrevesada, complicada, confusa,..., a fin de contas, impresentable. Non só no tocante á lingua, cun afastamento das posibles normativas e moito máis das normas que seguían as publicacións oficiais de Galicia, senón no que respecta á presentación duns documentos ou impresos administrativos. A mellor desconsideración de cara ó administrado galego e de cara á lingua galega non pode ser outra cá despresentación e a deformación textual dun impreso en galego, pois no texto galego aparecían erros de presentación, tales como correduas de liñas castelás para o texto galego, erros léxicos e morfosintácticos, isto quere dicir: inintelixibilidade polo tanto do mesmo. E iso que no ano 1982 se fixera desde Madrid unha versión destes impresos só en galego, dignamente presentable tanto formal coma normativamente. Mais ía en

galego, e a Administración deca-touse do trasfondo que podería conlevar esta presentación e retra-sou o proxecto dous anos. Isto foi un claro incumprimento constitu-cional e unha evidente negación cara á nosa identidade a través dun factor tan esencial como é a lingua.

No ano 1985, logo de máis for-tes presións sociais, entre elas da Asociación de funcionarios para a normalización lingüística de Gali-cia, xa aparecen un texto e uns impresos que seguen a normativa oficial, cunha mínima dignidade de presentación, nunha edición bilin-güe. Nós aínda non vémo-lo pro-blema de que os impresos vaian só en galego, xa que o cubrimento pode ir.

Pero a remates deste ano 1985, hai administrados que recibiron o talón de devolución. Nel as Delegacións de Facenda non saben nada de galego. Débese querer mante-la teoría populista de que os cartos veñen en castelán. Neste talón, xa non aparece o texto bilingüe, senón nin un mínimo respecto de cara ó admi-nistrado —que en moitos casos cubriu os impresos en galego—, e moito menos de cara á Lei de nor-malización lingüística. Xa que, amais de vir todo en castelán, non se cumpre o mínimo dela como po-den se-los topónimos que se man-teñen na forma castelá (Lei 3/1983, artigo 10. 1: Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega), ou sexa: \*Boqueijón,

\*La Coruña; \*Vivero; \*El Barco, \*Orense; \*Puentearreas...

Entón temos a ben solicitar dos poderes públicos autonómicos que como mínimo, en cumprimento dos fins da Lei 3/1983, esixan o cumpri-mento do "bilingüismo oficial" que defenden e propugnan, e solicitar das Delegacións de Facenda de Gali-cia o cumprimento das leis que aproba o Parlamento de Galicia para Galicia e indicarlles que o ad-ministrado galego tamén quere reci-bi-los cartos en galego. Para tal fin, L. e A. ofrécelle-la traducción dunha Devolución de Oficio, e agarda que, neste ano de 1986, ós que lles toque poidan cobra-la devo-lución de Facenda nun talón en ga-lego.

IMPUESTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS  
DEVOLUCIÓN DE OFICIO

DELEGACIÓN DE FACENDA  
DA PROVINCIA DA CORUÑA

FACT.	N.º DE REFERENCIA	EXPEDIENTE N.º
75678	24046	QQ-00054237

SECCIÓN DE CAIXA

SOUTO FERREIRO XOÁN

D.N.I. n.º 09.846.537

Rúa de Ordes, 13-2º Dcha.

IMPORTE: + + + 14.350 + + +

MELIDE A CORUÑA

Talón da serie: 19-234263.3

SERIE: 19-234263.3 ADMÓN.: 15600

ADMINISTRACIÓN: 15.600

D. de F. DA CORUÑA

O TALON HAINO QUE INGRESAR EN BANCO OU CAIXA DE AFORROS

Banco de España  
A CORUÑA

O BANCO DE ESPAÑA  
A CORUÑA

Ptas. == 14.350 ==

D.N.I. n.º 09.846.537

Ptas. == 14.350 ==

D.N.I.:

09.846.537

Pagaralle a SOUTO FERREIRO XOÁN

pesetas CATORCE MIL TRESCENTAS CINCUENTA =====

con cargo na miña conta.

Data de expedición

11-12-85

A CORUÑA doce de decembro de 1985

Caixa de Delegación de Facenda

Talón da serie:

19-234263.3

Serie: 19-234263.3

Data de caducidade

Este talón caduca o 30-4-86

15600

15600 D. de F. DA CORUÑA

DEPENDENCIA DE RELACIÓNS COS CONTRIBUÍNTES  
Sección de requirimentos e notificacións

O Ilmo. Sr. Delegado de Facenda dictou o seguinte acordo:

“Examinadas as declaracións correspondentes ós contribuíntes relacionados, practicadas as liquidacións provisionais que se xuntan, das que resultan as cantidades que hai que devolver e que se indican, e efectuada a comprobación dos xustificantes documentais das retencións e dos pagamentos fraccionados, en cumprimento do establecido no artigo 36-3 da Lei 44/1978, do 9 de setembro, e 159 do Regulamento do Imposto, do 3 de agosto de 1981, sen prexuício de posterior comprobación administrativa a que se refiren os artigos 109 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, procede recoñecer-lo dereito á devolución do importe que para cada contribuínte se consigna na presente relación polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e exercicio que se expresa”.

Vde. figura na relación a que se refire o anterior acordo, coa cantidade que se lle debe devolver e que se indica no cheque adxunto.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos. Advirtolle que contra este acordo poderá interpoñer recurso de reposición perante o Ilmo. Sr. Delegado de Facenda no prazo de quince días, que se contará desde o día seguinte ó recibo da presente notificación, ou reclamación perante o Tribunal Económico Administrativo Provincial no mesmo prazo, sen que se poidan simultanear ámbolos dous recursos.

..... de ..... de 19.....

O XEFE DE RELACIÓNS COS CONTRIBUÍNTES

novas

## APAPEL: NOVA ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA DA LINGUA O FUTURO DA LINGUA ESTÁ NOS NENOS

Estamos a presentar dun tempo para acá por toda Galicia a *Asociación de País para a Defensa da Lingua* (APADEL). Somos moitos os que pensamos que o futuro do idioma como lingua de uso e comunicación social podería verse seriamente ameazado nas inmediatas xeracións —malia os pasos positivos que se levan dado— se non poñemos remedio entre todos ó proceso desgaleguizador que dende moi diversos sectores actúa contra a vitalidade lingüística de Galicia: medios de comunicación en castelán, aparello administrativo, institucións de poder, sistema educativo, etc. O futuro da lingua está nos nenos. Queremos para os nosos fillos un idioma útil, moderno, sen complexos, normalizado.

En APADEL caben todos aqueles que entendan que o noso país debe afirmarse na súa propia lingua. Queremos que os nosos fillos poidan usar decote e sen atrancos o idioma de seu, a lingua de Galicia, que é un dereito elemental de cidadanía. E para logralo coidamos que

é preciso traballar agora, pensando nese futuro que xa está aí.

APADEL —que nun principio ten como ámbito preferencial de traballo a familia e a escola— une o seu esforzo a todos aqueles que pulan polo uso do galego na Administración pública, na Universidade, na Igrexa, nos periódicos, na radio e na televisión, na publicidade, etc. Normalizar unha lingua significa, sinxelamente, poder *vivirla normalmente* en tódolos eidos da vida social e en tódalas actividades do ser humano, tanto nos grandes coma nos pequenos momentos da nosa existencia. Coidamos que é útil organizar toda clase de accións colectivas para seguir avanzando progresivamente na normalización lingüística de Galicia (que é unha parte da normalización e uso dos nosos dereitos cívicos). A lingua é o noso carné de identidade. Dignificar-lo idioma é dignificar ós seus falantes. E neste barco todos temos un sitio.


Victor F. FREIXANES

# as dependencias administrativas

Este organigrama é común a tódolos Gobernos Cívís e só ten catro seccións: Vicesecretaría (con cinco

negociados). Autorizacións Administrativas (con tres negociados). Protección Civil (con un negociado)

e Gabinete Técnico (con dous negociados).



PREGASE A TÓDOLOS SUBSCRITORES RENOVEN A SUBSCRICIÓN  
PARA O ANO 1986

Nome ou Entidade .....

Enderezo: rúa/lugar de .....

piso ..... ; D.P. .... tlf. .... ; localidade de .....

..... ; Concello de .....

Provincia .....

Importe da subscrición: 500 pesetas (1 ano, 4 números)

Forma de pagamento:

— Por transferencia bancaria á Caixa de Aforros de Galicia, o.p., Santiago de Compostela, c/c 9.294/3  
Apartado de Correos, 114.